


o conto da
AZUZAINA



Un espectáculo de:



esteOeste

limiar



Subvencionado por:


AGADIC




Axencia Galega das
Industrias Culturais



XUNTA
DE GALICIA



Colaboran:





O conto da azuzaina

Cando nos din árbore cada un imaxina unha cousa. Imaxinas una palmeira ou un carballo, ou un piñeiro ou un salgueiro. Coas familias acontece o mesmo, cada unha é diferente pero todas son familias. Non existe a familia “normal”. E nesta historia de historias, familia de familias pasa o mesmo; cada historia é distinta, cada estilo é diferente. A orfandade, a adopción, o divorcio, familias homoparentais, numerosas ou monoparentais son a base para o xogo de tres actores usando o circo, a música e a divulgación científica como xeitos de expresión. Un espectáculo que achega a diversidade familiar na sociedade actual fomentando a tolerancia, respecto e empatía entre os máis pequenos.

A orixinalidade deste espectáculo radica no agarimo no trato de temas tan sensibles dende a sinxeleza do xogo. Preséntase o espectáculo como xogo divertido, sinxelo, pero que permite introducirse en aspectos de grande profundidade.

Que é unha familia normal? A TÚA!





Obxectivos do espectáculo

A sociedade está cambiando, pero os fenómenos sociais tardan un tempo en normalizarse e os afectados máis febles acusan unha sorte de discriminación cando a súa realidade individual non é recoñecida polo colectivo. As mudanzas comézanse a producir nas contornas da sociedade, logo expándense e só, cando xa se teñen extendido maioritariamente é cando a xeralidade os asume.

A familia tende a considerarse o núcleo estrutural da sociedade occidental; pero do mesmo xeito que os grupos sociais máis desprotexidos loitan por poder exercer os seus dereitos, o modelo familiar rompe as súas contornas habituais para situarse á beira das necesidades de afectos e compromiso que xeran os novos xeitos de compartir a vida.

O obxectivo do espectáculo é fornecer ao nenos e maiores un espazo lúdico onde poidan reflexionar sobre os prexuízos ligados a idea convencional de familia.





Sinopse

Na imprenta da Azuzaina chega un encargo urxente: o libro das familias. Os operarios Terán que dar o mellor de sí e usar as máis alouçadas estratexias para completar o traballo a tempo.

O encargo é crear un libro con fotos de diferentes familias, de diferentes persoas. Ante a necesidade de entregalo na fin da xornada terán que crear a toda velocidade as páxinas do libro. Unha tarefa na que aparecerán preguntas e conflitos: Poden ser dous homes e un neno unha familia? E unha persoa soa? E unha nai e un fillo? Son eles dous familia?

Xogando a ser e refacer as familias do libro descubrirán que a familia vai alén do sangue e eles, despois de tanto tempo xuntos traballando na imprenta, son sen dúbida unha familia.





O espectáculo

O espectáculo traballará na transversalidade entre todos os elementos e recursos que se aglutinan e dialogan evitando categorías illadas. O vestiario convértese nun personaxe, a luz compón espazo e o son gaña poder visual por medio da execución de instrumentos ao vivo. Afondarase polo tanto na permeabilidade das categorías facendo da forma do espectáculo unha metonimia e ao tempo unha metáfora das estruturas familiares no sentido de que achegar unha lectura semiótica ligada a súa flexibilidade e diversidade. Nun esforzo por aglutinar elementos, enlázanse as sudadeiras cunha pelota para construír un personaxe de xeito que se unen elementos de malabares e vestiario. Así, elementos que se teñen presentado previamente por separado volven tomar parte en escena introducíndoos nunha nova dimensión

O obxecto é mais que un obxecto a través da polisemia. Modifícase, sálvase do esquecemento, revalorízase e transfórmase nun obxecto que desprende una xeira de significados anexos dos que se nutre o espectáculo. Nun verdadeiro xogo de nenos.






O espectáculo

O espectáculo ten unha linguaxe escénica próxima dos cativos que os introduce na historia. Nos nenos, a necesidade de comunicarse nace antes da capacidade da fala polo que neste espectáculo afondarase nunha linguaxe eminentemente xestual onde as palabras case non son necesarias.

Os actores que interpretarán os operarios téñense formado en teatro xestual desenvolvendo a capacidade de expresión desligada da fala mediante de outras linguaxes como o corpo, a música ou os malabares de contacto. Ao longo do espectáculo investigarase en técnicas de teatro xestual e manipulación como o narrador mimador, máscara, bunraku, teatro de obxectos, pantomima e a narración musicada.





A atmósfera visual

Existe unha compoñente irreal. Unha falsa realidade. Os actores están no teatro, ollan ao público, case non hai escenografía...mais, están noutro lugar, noutro mundo. Un espazo onde estes dous personaxes adultos poden xogar a transformar obxectos en persoas e a moldear o espazo ao seu antollo para construír a paisaxe que desexen. Todo é posible dentro desta atmosfera amable e familiar da imprenta da Azuzaina. Pódese crear unha nai cunha zapatilla de deporte e unha sudadeira. Faise posible levala ao quirófano. Faise posible rir da torpeza dos médicos desde ilusorio hospital. Faise posible acompañala no seu derradeiro alento e chorar a súa perda.

A transformación do espazo realizada polos actores, reforzase visualmente coa iluminación A luz axudará a viaxar por espazos íntimos e grandes superficies, por momentos alegres e momentos amargos, por atmosferas chuviosa,cálidas e frías.





A atmósfera sonora

A música e a ambientación sonora introducen ó espectador nun mundo poético e divertido, con moito xogo e coidado musical.

Neste espazo de xogo, a música entra como un xoguete máis, onde se mesturan os sons para crear unha atmosfera divertida. Mestúranse instrumentos electrónicos como o theremin, con outros de vento como o saxo ou a melódica. outros de pequena percusión como claves ou campás e outros cotiás como tesoiras, culleres. Pero sen dúbida o que ten máis protagonismo é o traballo vocal polifónico. Bases gravadas en estilo doo wap sobre as que tocar en directo co saxo ou co theremín.

Influencian o son do espectáculo grupos de investigación musical como os suecos Detektivbyiran, que tamén mesturan elementos electrónicos con convencionais, con bases con pequena percusión como tesoiras, acordeón e theremín, e pola alegría da música cingara como Kusturica ou Fanfarria Ciocarlia, que axuda a esta atmosfera circense de ritmo rápido e picado.





O libro

O libro empregado en O conto da Azuzaina emprega deseños de Tzisko que representan a diferentes persoas coas que establecer vinculos familiares. Inspirados no xogo do quen é quen son deseños de trazos simples e recreados por ordenador de xeito modular establecendo un padrón.





O equipo artístico

En escena: Herminio Campillo (Operario) e Juan Paños (Operario) e Fran Núñez / Txell Cabanas (Coordenador da imprenta)

Dramaturxia e dirección: Ana Carreira e Fran Núñez

Dirección musical: Jose Carlos Illanes

Iluminación: Fran Núñez

Asesoría psicopedagóxica: Santiago Hernández Abad

Asesoría científica: Mateo Peña

Produción: Limiar teatro, Esteoeste, Crémilo

Idiomas: Galego, Castelán

Público: Familiar (*2º e 3º ciclo de primaria en funcións escolares)

Duración: 50 min



O equipo artístico

Ana Carreira (*Co-dramaturga e directora*)

É Titulada Superior en Arte Dramática pola ESAD de Galicia na especialidade de dramaturxia. Impartiu numerosos cursos e seminarios de teatro e narración oral. Como narradora traballou para diversas editoriais, programas de televisión e organismos tanto públicos como privados. Como actriz, traballou entre outros con Escénate o Ubú teatro da que é fundadora. Publicou as súas propias historias de narración oral e contos. Como dramaturga gañou o IV Premio “Varela Buxán” MOME de Escritura dramática pola peza “UN INTRE ANTES DO SOLPOR”





O equipo artístico

Fran Núñez (*Co-dramaturgo, director e actor*)

É fundador de Limiar Teatro e director do mesmo dende a súa creación. Titulado Superior en Arte Dramática pola ESAD Galicia e en Publicidade e RRPP UVIGO. Mestrado en Economía da Cultura e Xestión Cultural pola Universidade de Valladolid e Mestrado en Artes Escénicas e Ciencias do Espectáculo pola Universidade do País Vasco. Na actualidade é doutorando en Economía Aplicada á Cultura pola Universidade de Santiago de Compostela. Ó mesmo tempo participou de estadias formativas en técnica LeCoq, teatro social, dramaturxia, técnicas de Improvisación e iluminación en República Checa, Austria, Croacia e Italia. Traballou en diferentes postos en compañías públicas e privadas en España, Portugal, Italia, Francia e Brasil. En 2014 foi seleccionado por Assitej para representar a España no INTERPLAY EUROPE en Austria.






O equipo artístico

Jose Carlos Illanes (*Director musical*)

É actor, músico de escena, cantante e cómico. Titulado en Teatro Xestual pola escola de Lecoq de Mar Navarro e Andrés Hernández. Toca varios instrumentos e está diplomado en guitarra e solfexo por The Royal School of Music. Estuda canto, clown e manipulación de obxectos. Traballou en diferentes compañías como o Centro Dramático Galego, Zancalino, La Jarana o ESteOeste, da que é fundador, así como en diferentes musicais da Gran Vía Madrileña como Galicia Caníbal ou Don Pepito. Actualmente traballa na TVG e no montaxe “Salomé” dirixido por Jaime Chávarri.





O equipo artístico

Herminio Campillo (*Actor e director circo*)

É actor, malabarista, monociclista e pallaso. Titulado en teatro xestual por Lecoq na Escola de Mar Navarro e Andrés Hernández e na escola de circo JonglierKatakomben de Berlín. Estuda clown cos grandes Mestres actuais. Traballa co seu espectáculo de rúa por toda Europa. Socio fundador da compañía de comedia Esteoeste e Teatro del Alambre, que abren un proceso de investigación a través do clown poético.






O equipo artístico

Juan Paños (*Actor*)

Actor e mago, Juan Paños ten unha extensa formación como actor, mago e clown en escolas como Hernan Gené, Mar Navarro (Técnica Lecoq) ou nos adestramentos entrenamentos do teatro da Abadía . Como actor ten traballado para Limbo teatro en Frágil co que gañou o Premio ao mellor actor no Festival de Pizarra (Málaga), Años Teatro o con el Corral de Comedias de Alcalá bajo la dirección de Ernesto Arias. Como mago ten creado numerosos espectáculos que teñen sido representados por toda a xeografía española.





El equipo artístico

Txell Cabanas (*Actriz/Técnico*)

Actor e técnico, Txell Cabanas unha artista formada en Mar Navarro (Técnica Lecoq) e con experiencia en numerosas compañías como Alea Teatre, Entrecametes, Factoría, Pirómano Teatro, Vagalume Teatro ou Corcia Teatre entre outras.





As compañías

Crémilo

Crémilo Proxectos Culturais e Distribución Espectáculos, nace coa firme vocación de aportar soporte e xestión en diferentes áreas a proxectos culturais en pos da viabilidade e éxito considerado dos mesmos dende a confianza e honestidade común dos equipos, así como a honestidade das propostas e compromisos coas mesmas.

Entre as diferentes disciplinas artísticas nas que desenrola a súa labor, atópanse fundamentalmente as artes escénicas, musicais e cinematográficas.

Como firmes defensores da necesidade da preservación, innovación, difusión e promoción da Cultura e os múltiples beneficios inherentes, dende Crémilo apostamos por proxectos que comparten valor, calidade e inquietude, potenciando diversos e innovadores enfoques.



CRÉMILLO

PROYECTOS CULTURALES
Y DIST. ESPECTÁCULOS





As compañías

EsteOeste

Nace en 2008 en Madrid, da man de Herminio Campillo e Jose Carlos Illanes, ambos estudantes da escola de teatro xestual de Lecoq de Mar Navarro e Andrés Hernández. Comezaron probando os seus números nos vagóns do metro de Madrid. Un ano despois montaron o seu primeiro espectáculo, “Especialistas del Amor”, co que conseguiron varios premios de comedia en diferentes concursos e circuítos profesionais. Continúan investigando a comedia a través da música, o circo, a manipulación de obxectos e o clown con propostas como “Tecnoetas do século XXII”, “Banqueiros sen pudor” e presentando innumerables galas de circo por todo o territorio español. En televisión, fixeron varias participación como as dúas últimas no programa “Sopa de Gansos Instant” de Cuatro e FDF.

esteOeste



As compañías

Limiar

É unha compañía creada en 2009 con sede en Vigo e case 300 representacións en España, Francia, Portugal e Brasil dende entón. En 2009 crea “Os catro da Xunqueira” en coprodución co Centro Dramático Galego e MAO de Portugal con apoio do proxecto Europeo CREATIVA con 60 representacións por Galicia e Portugal. Despois “Verbum Fahrenheiti” en coprodución co museo Verbum Casa das Palabras de Vigo, percorreu grande parte de Galicia, Portugal e Brasil e finalmente “Don Quixote” con máis de 100 representacións en España, Francia, Portugal e Brasil.

Actualmente atópase en xira con Pangeia, unha produción entre Galicia, Brasil e Portugal estreada no Centro Cultural Malaposta de Lisboa.

Limiar colaborou en proxectos singulares co Teatro del Hereje como “Mateo 16.18” en Medina de Rioseco o “Teresa” en Medica del Campo, onde artistas locais poñen en valor o patrimonio histórico a través das artes escénicas.

The logo for 'limiar' is written in a bold, lowercase, red sans-serif font. The letters are thick and closely spaced, with a distinctive rounded 'i' and 'a'.



Organizacións asesoras

Nais solteiras por elección

A Asociación de nais solteiras por elección é unha organización non gubernamental, sen ánimo de lucro, de carácter estatal e fundada no 2007.

“Somos persoas sen parella que escollemos libremente ter fillos.”

A maternidade en solitario forma parte dun contexto social no que se pasou dun modelo de familia único á existencia doutras opcións, entre ás que nos atopamos nós. A lexislación no noso país, hoxe en día, permite que as persoas sen parella poidamos construír a nosa propia familia, tanto a través da adopción ou mediante técnicas de Reprodución Asistida.

Os fins da asociación son dar a coñecer un novo tipo de familia monoparental e sensibilizar á sociedade para que sexa aceptada como unha opción responsable que se tomou de forma libre e voluntaria, independentemente do estado civil. Ademais de ser un grupo de apoio cun denominador común que serve como intercambio de experiencias e información para todas aquelas perosas que desexan acadar ou xa teñan acadado a maternidade en solitario.



Contacto



Carlos Martínez Carbonell

PROYECTOS CULTURALES
Y DIST. ESPECTÁCULOS

678 460 559

cmcarbonell@cremilo.es

www.cremilo.es



esteOeste

limiar